



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZASEIS DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000005

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e cincuenta minutos, do día dezaseis de febreiro de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm.72 de de data 15 de febreiro/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro .
Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

PARTE RESOLUTIVA

1º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.- **.- Licenza de primeira ocupación.**

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN:

“Expte. 01/2015. [REDACTED] - Para a licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar aillada sita no [REDACTED] parroquia de Pantín, Valdoviño, e que se corresponde co expediente de obras nº 24/1999, con licenza municipal de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/03/1999 sendo notificado dito acordo o 12/04/1999.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 14/02/2023 no que conclúe que o edificio executado reúne as condición establecidas para destinalo ao uso previsto (vivenda) e polo tanto procede dende o punto de vista técnico, a informar a solicitude realizada como **FAVORABLE**.

Considerando o anteriormente exposto, esta Alcaldía, en uso das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Rexime Local, **PROPÓN** a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder á solicitante [REDACTED] a licenza de 1ª ocupación de **vivienda unifamiliar aillada sita no [REDACTED] parroquia de Pantin**, Valdoviño, segundo o disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do artigo 355.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia e o artigo 12 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia.

Segundo.- Practicaraselle a **liquidación da taxa** por expedición de licenza de 1ª ocupación, cuxo importe é de **37,60 euros**, segundo calculo que consta no informe do arquitecto municipal de 25/01/2023.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo á interesada cos recursos que procedan e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite e para os servizos económicos aos efectos oportunos.

En Valdoviño a 14 de febreiro de 2023
O Alcalde,
Asdo. Alberto González Fernández

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede, outorgando licenza de 1ª ocupación de vivenda á promotora do expte. 01/2015.

2º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE CULTURA.-

.- ADHESIÓN DO CONCELLO AO CONVENIO ENTRE A FEMP E A (SGAE EGDPI).-

Vista a obriga do Concello de Valdoviño de aboar os gastos correspondentes á entidade de xestión de dereitos SGAE e sendo isto, a maiores, un requerimento sinalado explicitamente en diferentes convocatorias de subvencións procedentes de distintas administracións públicas que solicita o Concello de Valdoviño

PROPONSE,

A adhesión do Concello de Valdoviño ao Convenio suscrito entre a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e a Sociedade Xeral de Autores e Editores Entidade de Xestión de Dereitos da Propiedade Intelectual (SGAE EGDPI) o día 29 de outubro de 1996 aceptando as obrigacións e beneficios derivados do mesmo.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.
Valdoviño, 14 de febreiro de 2023.

O alcalde:
Asdo.: D. Alberto González Fernández.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

.- SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA O APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DAS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA.-

Vista a RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria por anticipado de gasto para o ano 2023 (código de procedemento TU500A) publicada no DOG núm. 17 do mércores 25 de Xaneiro de 2023.

PROPONSE

Participar en dita convocatoria para para promoción e difusión do evento “ABANCA Pantín Classic Galicia Pro” declarado festa de interese turístico de Galicia –“RESOLUCIÓN de 24 de mayo de 2016 por la que se ordena la publicación del Acuerdo del Consello de la Xunta de Galicia de 19 de mayo de 2016, por el que se declara fiesta de interés turístico de Galicia el Pantín Classic Galicia Pro (A Coruña)” e ,

SOLICITAR a subvención para o APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DAS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA”(máximo da axuda 3.000,00 euros) e a contribución dunha achega económica da entidade ABANCA a través da mesma convocatoria de subvención (máximo de axuda 1.500,00 euros) , así como ,

FINANCIAR o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro da convocatoria ata o importe total da execución prevista.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 13 de febreiro de 2023.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

3º.- SOLICITUDE DE BAIXA DE LICENZA DE TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, INSTADA POR DONA KRISTEL TESTA AMENEIROS.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“En data 16.05.2018 co número de rexistro 201800000000582 solicitouse a licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos instada por dona Kristel Testa Ameneiros; a licenza concédese por acordo de Xunta de Goberno Local en data 04 05.2018 co número de licenza 65.

En data 30.01.2023 co número de rexistro 202300000000306 comunícase o falecemento do animal para o que foi emitida a licenza e solicita a baixa no Rexistro municipal de animais, de conformidade co artigo 6 punto 5 “*Deberá comunicarse al Registro municipal la venta, traspaso, donación, robo, muerte o pérdida del animal, haciéndose constar en su correspondiente hoja registral*” da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o Réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos”.

Proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Rexistrar a baixa da licenza concedida a dona Kristel Testa Ameneiros co número 65.

Segundo.- Notificar á interesa o presente acordo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non obstante a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime mais convinte.

/Asinado dixitalmente polo sr alcalde/

Aprobase pola Xunta de Goberno Local, acordo tomado en votación ordinaria e unanimidade, a baixa da licenza solicitada previa comprobación pola unidade tramitadora de que a interesada presentou a correspondente documentación para baixa e que ésta consta incorporada no expte aperturado (núm. 2023/R002/000002/.

4.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO ADSCRITO A LICENZA DE TAXI NÚM. 8.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA para AUTORIZAR A SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO ADSCRITO A LICENCIA DE TAXI N.º 8:

“Tendo coñecemento da solicitude con número de rexistro de entrada 202399900000195 formulada por Antonio Castro Padín con D.N.I. núm. 76.412.923-T en data 6 de febreiro do 2023 referente á substitución do vehículo asociado a licenza de taxi n.º 8 do Concello de Valdoviño.

Visto que o vehículo Peugeot con número de matrícula 1005GSL asociado a licenza de taxi n.º 8 pretende ser substituído por outro vehículo de mellores características co número de bastidor WDF44781313504936, matrícula 4213MDD e modelo MERCEDES BENZ.

Conforme o disposto no artigo 26 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia.

1. Os vehículos que figuren identificados, aos que se adscriban as licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi para o exercicio da actividade, poderán ser substituídos por outros, previa autorización do ente concedente, sempre que o vehículo que substitúa ao anterior fose máis novo e reunise as condicións esixidas para a prestación do servizo.

2. Desenvolverase regulamentariamente o procedemento para autorizar a substitución de vehículos e tamén para unha adscrición temporal no suposto de avaría ou inutilización por un período de tempo determinado.

En virtude do enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía

PROPÓN

Primeiro.- Iniciar a tramitación administrativa para a autorizar a substitución de vehículo adscrito a licenza n.º 8 do Concello de Valdoviño.

Segundo.- Dar traslado da presente proposta á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia aos efectos da emisión de informe preceptivo e vinculante, de acordo co disposto no artigo 3.1 c) da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia.

/Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe”

A anterior proposta de Alcaldía aprobose, en votación ordinaria e unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local.

FÓRA DA ORDE DO DIA

Despois de ratificar a Xunta de goberno local por unanimidade a urxenza dos puntos seguintes:

- .- Bases reguladoras das axudas ás comisions de festas patronais, pola necesidade de cumprir os prazos da subvención
 - .- Expte Obras Centro Saúde de Valdoviño, para tramitar o oportuno expediente ao non executar o adxudicatario as obras,
- Inclúense ámbolos dous asuntos na Orde do Día da sesión.

.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS ÁS COMISIONS ORGANIZADORAS DAS FESTAS PATRONAIS E POPULARES NO CONCELLO DE VALDOVIÑO DURANTE O ANO 2022.-

A presente convocatoria formulase ao abeiro da Resolución de Presidencia da Deputación Provincial nº 2022/32445 do 19 de xullo de 2022, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Programa de axudas ao sector das orquestras e verbenas (PEL- CONCELLOS OV).

1. OBXECTO E FINALIDADE.

O obxecto destas bases é contribuír á reactivación económica, á xeración de recursos económicos e á promoción e mantemento do emprego, no sector empresarial do mundo do espectáculo e movemento cultural e, en concreto, do sector das orquestras e verbenas,

A finalidade destas bases é definir as condicións e o procedemento para a concesión de subvencións á favor das comisións organizadoras de festas patronais e populares que por tradición se veñen celebrando en emprazamentos ao aire libre no termo municipal de Valdoviño, para contratar orquestras para as ditas festas.

2. FINANCIAMENTO

A contía destinada a atender as solicitudes destas axudas vén determinada na

Resolución de Presidencia da Deputación Provincial de A Coruña núm. 2022/32445, do 19 de xullo de 2022, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Programa de axudas ao sector das orquestras e verbenas (PEL-CONCELLOS OV) incluído na Liña 1.3 do Plan de Emprego Local.

O Fondo de Financiamento constitúese cun 100% de achega da Deputación da Coruña que é de 9.000,00 €.

3. DESTINATARIOS E REQUISITOS

Son destinatarios desta axuda ás comisións organizadoras de festas patronais e populares do Concello de Valdoviño que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Dispoñer de personalidade xurídica e capacidade de obrar acreditada mediante a asignación pola Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado do correspondente número de identificación fiscal (CIF/NIF)
- b) Carecer de fins de lucro.
- c) Desenvolver as súas actividades no Concello de Valdoviño.
- d) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda ante o concello no que desenvolve a súa actividade para o mesmo obxecto para o que solicita a axuda.
- e) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas, co concello e coa seguridade social.
- f) Non estar incursos en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

4. REQUISITOS DAS ORQUESTRAS A CONTRATAR

As empresas titulares de orquestras que se van contratar deberán cumprir cos requisitos seguintes:

- a) Ter o seu domicilio fiscal e social en Galicia.
- b) Ter unha antigüidade mínima de 2 anos de exercicio continuado na actividade, a considerar dende a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincial, segundo a información recollida no certificado de situación censal da entidade.
- c) Declarar responsablemente que ten unha composición mínima de 6 membros, dos cales alomenos 4, deberán na súa actuación tocar un instrumento musical.
- d) Declarar responsablemente que o 80 % da súa actividade céntrase na organización de espectáculos e actuacións musicais en vivo.

5. GASTOS SUBVENCIONABLES

O importe da achega destinarase a subvencionar os gastos realizados polas comisións organizadoras de festas patronais e populares que por tradición se veñen celebrando en emprazamentos ao aire libre no termo municipal, para contratar orquestras para as ditas festas patronais e populares.

6. PERÍODO SUBVENCIONABLE

As actividades obxecto desta convocatoria deben realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022, polo que as contratacións das orquestras poderán realizarse dentro deste período e en consecuencia, non poderán

imputarse ao programa gastos realizados con posterioridade.

7. CONTÍA DAS AXUDAS

As subvencións faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 334.480.00 por importe total de 9.000,00 €, que se repartirá de forma a partes iguais entre todas as asociacións ou comisións de festas que cumpran os requisitos recollidos nas presentes bases.

En todo caso, o importe da subvención non poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade subvencionada. De ser o caso, repartirase entre o resto das comisións o importe excedente.

As axudas serán compatibles con outras axudas públicas procedentes tanto da Deputación como de calquera outra entidade pública. Non obstante, a suma do importe das axudas recibidas e dos ingresos obtidos non poderá superar o custe total do programa a desenvolver.

8. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.

As comisións interesadas deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitud de subvención asinada polo/a representante legal da Comisión/Asociación ou cargo equivalente (Anexo I).
- b) DNI do representante legal da Comisión/Asociación.
- c) CIF da Comisión ou Asociación organizadora das festas.
- d) Declaración responsable de que reúne os requisitos para ser beneficiario/a das axudas convocadas polo Concello de Valdoviño ás comisións organizadoras de festas patronais e populares para a contratación de orquestras a través do Programa PEL-Concellos axudas ao sector das orquestras e verbenas da liña 1.3 do plan de emprego local (Anexo I).
- e) Declaración responsable de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas, co concello e coa seguridade social (Anexo I)
- f) Declaración responsable de que a entidade á que representa non estar incurso a entidade nos supostos de prohibicións para percibir axudas públicas (Anexo I).
- g) Declaración responsable de que a entidade solicitou doutro organismo algunha subvención para a realización dos mesmos programas e actividades, a contía e si foron concedidas ou están pendentes de resolución (Anexo I).
- h) Certificación dos membros da Comisión/Asociación con expresión de nome, DNI e cargo que ocupa na Comisión (Anexo II).
- i) Memoria das actividades ou programa a realizar (Anexo III).

9. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño ou dalgunha outra forma establecida no artigo 164 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo para presentar as solicitudes será dende o día seguinte ao da publicación da

convocatoria específica destas axudas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e ata o 8 de MARZO de 2023.

As presentes bases, xunto co modelo de solicitude normalizado para a obtención desta axuda e demais documentos anexos, estarán dispoñibles na web municipal do concello e no taboleiro de anuncios municipal.

10. OBRIGAS DAS COMISIÓNS OU ASOCIACIÓN BENEFICIARIAS.

1. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade que fundamenta a concesión da axuda. A subvención deberá ser destinada exclusivamente ós fins para os que foi concedida.
2. A comisión ou asociación beneficiaria comprométese a dar a publicidade que sexa á colaboración económica do Concello de Valdoviño e da Deputación da Coruña.
3. A comisión ou asociación beneficiaria está obrigada a xustificar o cumprimento do establecido nas bases desta convocatoria. Ademais, deberá someterse, cando así se lle requira, ás actuacións de comprobación e control financeiro que se efectúen.
4. Deberá comunicar ao Concello a obtención de calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso que financie a actividade que se subvenciona, sen que en ningún caso, o importe das subvencións poida ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou ingresos supere o custe da actividade subvencionada. Esta comunicación realizarase tan pronto como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
5. A comisión ou asociación beneficiaria deberá conservar os documentos xustificativos dos fondos percibidos, así como a documentación contable que lle sexa esixida na súa lexislación aplicable, có fin de facilitar as actuacións de comprobación e control.
6. Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a lingua galega. Os proxectos subvencionados deberán ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega, así como tamén o será dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, carteleira, folletos e equivalentes) e de calquera outro aspecto vinculado, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

11. RESOLUCIÓN

As solicitudes que cumpran cos requisitos serán propostas para seren resoltas favorablemente. O concello poderá requirir ás solicitantes para que acheguen canta documentación e información complementaria estime oportuna para fundamentar a súa solicitude, así como para que se proceda á corrección dos defectos apreciados na solicitude, todo iso no prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte á notificación do requirimento. No caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude. Á vista das alegacións e/ou documentación presentadas, realizarase a proposta de resolución definitiva. As axudas concedidas publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal facendo efecto de notificación

colectiva a publicación en dito taboleiro da sede electrónica municipal, seguindo o artigo 45 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A resolución ou acordo de concesión de subvencións deberá conter a relación de solicitantes que resulten beneficiarios e o importe concedido e a desestimación do resto de solicitudes indicando o motivo da mesma. Contra a resolución poderá formularse os recursos que procedan. A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do Concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

12. FORMA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

Antes do 31 de marzo de 2023, as asociacións ou comisións de festas beneficiarias deberán achegar a seguinte documentación xustificativa de realización da actividade para a que se concedeu a subvención:

- a) Modelo de xustificación da axuda ás comisións organizadoras das festas do Concello de Mesía (Anexo IV) que inclúe:
 - a. Declaración de que a entidade cumpriu coa finalidade da subvención.
 - b. Declaración de que a entidade está ao corrente coas obrigas tributarias, estatais, autonómicas, coa Seguridade Social e co concello.
 - c. Declaración de que os importes aboados en concepto de IVE son ou non son recuperables pola entidade.
 - d. Declaración de que a entidade solicitou doutro organismo algunha subvención para a realización dos mesmos programas e actividades, a contía e si foron concedidas ou están pendentes de resolución.
- b) Facturas dos gastos realizados e xustificantes do seu pagamento.
- c) Acreditación da publicidade realizada.
- d) Memoria explicativa da actuación realizada (Anexo V).
- e) Certificado de situación censal das orquestras contratadas no que conste o domicilio social e fiscal en Galicia e antigüidade mínima de dous anos.
- f) Declaración responsable da orquestra de que ten unha composición mínima de 6 membros, dos cales alomenos 4, deberán na súa actuación tocar un instrumento musical.
- g) Declaración responsable da orquestra de que o 80 por cento da súa actividade céntrase na organización de espectáculos e actuacións musicais en vivo.
- h) Certificado bancario do número IBAN ou documentación similar.

13. PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta bancaria indicada pola entidade beneficiaria da subvención logo de comprobar que a comisión presentou a documentación xustificativa e se entende que cumpriu co obxecto da axuda.

No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao concedido, a achega municipal reducirase en función do importe efectivamente xustificado.

14. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de

responsable, polo Concello de Valdoviño. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Valdoviño ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Todo o cal se informa en cumprimento do disposto nos artigos 11 e seguintes da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

Vistas as bases pola Xunta de Goberno Local, así coma os Anexos que forman parte das mesmas, incorporados no expediente tramitado ao efecto, referencia 2023/A002/000002, este órgano, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros, acordou a súa aprobación.

.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN OBRAS EN FACHADA E CARPINTERÍAS EN CENTRO DE SAÚDE DE VALDOVIÑO.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Expte.: 2021/C003/000006

Asunto: Solicitud informe de obras ao director técnico das obras José Antonio Alonso Rodríguez

Vista a adjudicación, avocada por resolución de alcaldía número 635/2021, de data 09.10.2021 da obra “Proxecto básico e de execución obras en fachada e carpinterías en Centro de Saúde de Valdoviño” a Eulogio Viñal Obras y Construcciones , S.A. co CIF A15352735 e por un importe de 204.396,45 € mais 42.923,25 € de IVE, un total de 247.319,70 €.

Nomeado na resolución antedita ao coordinador de Seguridade e Saúde e Director técnico das obras a José Antonio Alonso Rodríguez, arquitecto COAG N° 1050.

En data 07.02.2022 co núm. de rexistro 202299900000140 a empresa adjudicataria solicita unha prórroga de catro meses debido a problemas de desabastecemento e apróbase en Xunta de Goberno Local de data 10.02.2022.

Recíbese escrito en data 31.05.2022 co número de rexistro 202200000001569 do director da obra Jose Antonio Alonso Rodríguez no que informa de que a obra non comezou e o prazo remataba o 28.05.2022; dáse conta do escrito na Xunta de Goberno Local de data 02.06.2022

En data 10.06.2022 realízase por acordo de Xunta de Goberno Local unha notificación a empresa adjudicataria requíndolle no prazo de cinco días dende o seguinte ao percibo do escrito para que explique os motivos de non cumprimento e indicándolle que o contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

E vistos tódolos antecedentes obrantes no expediente, esta Alcaldía en uso das atribucións que ten conferidas, PROPÓN,

Primeiro.- Solicitar informe ao director da obra “Proxecto básico e de execución obras en fachada e carpinterías en Centro de Saúde de Valdoviño” don José Antonio Alonso Rodríguez para que indique a situación actual da obra e se procede a resolución do contrato.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR ALCALDE/

A Xunta de Goberno Local, acordou aprobar a anterior proposta de Alcaldía, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/